

ORDENANZA 3.17
TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA
NAS VIAS PUBLICAS MUNICIPAIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Concello establece la Tasa por estacionamiento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais, a que se refire o art.20.3 u) da Lei 39/88, de 28 de diciembre, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/98, de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das tasas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden ao previsto no art 58 da devandita Lei 39/88 e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenrolada pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da tasa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 33 L.X.T. que disfruten, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenrolada pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4º. Cota tributaria

A cuantía da taxa por estacionamento é:

- a.- Réxime xeral: Pre-pagado por un máximo de 135 minutos con un coste máximo de 1,00 €. Un mínimo de 20 minutos con un coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>Tempo</i>	<i>Tarifa en €</i>
20	0,15
27	0,20
34	0,25

<i>Tempo</i>	<i>Tarifa en €</i>
40	0,30
48	0,35
54	0,40
61	0,45
67	0,50
74	0,55
82	0,60
88	0,65
94	0,70
101	0,75
108	0,80
116	0,85
121	0,90
128	0,95
135	1,0

b.- Réxime xeral de longa duración. Prepagado por un máximo de 270 minutos cun coste máximo de 1,00 €. Un mínimo de 41 minutos cun coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>Minutos</i>	<i>Tarifa en €</i>
41	0,15
54	0,20
68	0,25
80	0,30
95	0,35
109	0,40
122	0,45
134	0,50
148	0,55
163	0,60
177	0,65
188	0,70
202	0,75
216	0,80
231	0,85
243	0,90
256	0,95
270	1,0

c.- Residentes

Establecense dúas modalidades para residentes:

- I) Tarifa normal, pre-pagado sin límite máximo de estacionamento. Cada hora ou fracción 0,15 €.
- II) Con tarxeta especial de residente: 30,73 € con vixencia trimestral, expedida por trimestres naturais que da dereito ó estacionamento sin pago de tarifa normal e sin límite de tempo de estacionamento.

d.- Complementaria Post-pagada por exceso de tempo señalado no ticket ata un máximo de 27 minutos: 2,20 €.

e.- Tarifa da tarxeta normal de residentes: 6,81 € con vixencia do ano natural da súa expedición.

Artigo 5º. Devengo

A tasa devengarase no momento en que se efectúe o estacionamento do vehículo .

Artigo 6º. Normas de xestión

1.- O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto nas máquinas expendedoras. Dito boleto acreditativo do pago deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo e desde un lugar visible desde o exterior.

2.- O prazo de solicitude tanto para a nova petición de tarxeta de residente, como no caso de renovación finalizará o 15 de Xaneiro para as tarxetas de tarifa normal, e o 10 de Xaneiro o 10 de Abril, o 10 de Xulio e o 10 de Outubro para as tarxetas especiais. Con carácter excepcional para os novos vehículos e cambios de domicilio, habilitaranse os días 1 ó 5 de cada mes.

Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día dezoito de novembro de dous mil tres, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de trinta de decembro de dous mil tres. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catro, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

